

Arbitraxe Campionatos Galegos 2017

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitros principais nos **Campionatos Galegos 2017**, que se celebrarán con horarios e ritmos de xogo segundo o **Calendario Deportivo 2017**.

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal para cada unha das categorías:

CATEGORÍA	LUGAR	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Sub-08	Hotel Scala (Padrón)	07 Abril / antes das 18:00 h.	09 Abril / pola tarde	140 euros (*)
Sub-10	Hotel Las Sirenas (Viveiro)	24 Febreiro / antes das 18:00 h.	27 Febreiro / pola tarde	210 euros (*)
Sub-12	Hotel Scala (Padrón)	07 Abril / antes das 18:00 h.	10 Abril / pola tarde	210 euros (*)
Sub-14	Hotel Las Sirenas (Viveiro)	24 Febreiro / antes das 18:00h	28 Febreiro / pola tarde	280 euros (*)
Sub-16	Hotel Scala (Padrón)	07 Abril / antes das 18:00 h.	11 Abril / pola tarde	280 euros (*)
Absoluto, Feminino e Veterán	Hotel Scala (Padrón)	07 Abril / antes das 18:00 h.	14 Abril / pola tarde	430 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Titulación requirida: Árbitro Autonómico, de base ou superior

Tódalas prazas inclúen aloxamento e manutención nos hotéis oficiais en habitación dobre, e poderán ser válidas para obtención de Norma de Árbitro Nacional e/ou inferiores.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o Martes, 14 de Febreiro de 2017, ata as 19:00 h.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ou ben por mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información. Se se solicita máis de unha categoría, pódense ordenar por orden de preferencia.

Para poder arbitrar un Campionato Galego hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2017](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados serán: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxios, confeccionar listados e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira ronda.

E as súas obrigas serán: a carga de datos de xogadores, comprobación do elo FIDE e FEDA, realización do informe valedeiro para ELO FIDE e FEDA (*) e remitilo á FEGAXA no prazo que estipula a FEDA na súa circular en vigor.

(*) Nos torneos valedeiros para ELO.

Nas categorías ónde se presente o informe valedeiro para elo FIDE (Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16 e Absoluto, Feminino e Veterán) só poderán optar aqueles árbitros coa cualificación adecuada para tramitar dito informe (Arbitro Autonómico ou superior).